

POR UNHA RISGA EFECTIVA

Outubro 2014

Dos papeis as persoas

EAPN Galicia. Rede Galega contra a Pobreza
Rúa da Muiña, 24 - 15703 Santiago de Compostela
info@eapn-galicia.com Telf. 881 957 284

www.pobrezagalicia.org

EAPN GALICIA. Rede Galega contra a pobreza e a Exclusión Social

EAPN Galicia é unha rede formada por entidades representativas do Terceiro Sector de Acción Social galego que agrupan a **126 entidades** de primeiro nivel a través dos seus 21 socios directos.

ACCEM Galicia * **Asociación Boa Vida Inclusión Activa** * **Asociación Plataforma polo Emprego** * **Cáritas Diocesanas de Galicia** * **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)** * **Emaús Fundación Social** * **Federación Autismo Galicia** * **Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)** * **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** * **Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA)** * **Fundación Érguete Integración** * **Fundación Juan Soñador** * **Fundación Meniños** * **Fundación Secretariado Xitano** * **Fundación Ronsel** * **Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3)** * **Medicos del Mundo** * **Asemblea de Cooperación pola Paz** * **Ecos do Sur** * **Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL)** * **Arela**

Coa misión de traballar para defender os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social, promovemos a análise e reflexión pero tamén o voluntariado e a participación das persoas coas que traballamos dende as distintas entidades sociais. O traballo en rede e a incidencia a nivel político e estatal é imprescindible para o éxito das actuacións, é por isto que EAPN Galicia está integrada en [EAPN España](#) e [EAPN Europa](#).

453.534 galegos e galegas beneficiáronse en 2012 das actuacións das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego integrado en EAPN Galicia (133.169 de xeito directo e 320.365 indirectamente). 4304 persoas voluntarias y 1188 traballadoras implicáronse nesta tarefa.¹

¹ Informe ¿Quen Somos? 2013 EAPN Galicia

GRAZAS POR TRABALLAR EN REDE

Nin a misión de EAPN Galicia nin este informe serían factibles sen o traballo en rede de persoas e organizacións comprometidas. Neste senso é obrigado agradecer todo o esforzo e colaboración desinteresada as seguintes persoas e organizacións:

A autora da consulta e da base do Informe, **Noelia Blanco** coa colaboración de **Arturo Nicolás** na elaboración do formulario inicial.

Ao **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, pola súa imprescindible axuda na difusión entre os seus profesionais membro e na asesoría e consello durante todo o proceso.

A **Pepa Vázquez, Juncal Blanco e Juanjo Fernández**, membros das ONG integradas en EAPN Galicia Boa Vida Inclusión Social Activa, Emaus e Cáritas Mondoñedo Ferrol. Polo seu apoio na preparación da consulta e polas súas aportacións á mesma.

A **Graciela Malgesini**, responsable de incidencia política de EAPN España e autora do Informe sobre las Rentas Mínimas en España ² e responsable do proxecto EMIN (European Minimum Income Network) en España, dos que este informe é herdeiro.

As **74 profesionais e beneficiarios que encheron o formulario** coa súa opinión e propostas: 39 profesionais de servizos sociais comunitarios en concellos ou en departamentos implicados da Xunta de Galicia, 20 profesionais de ONG, 10 profesionais agora en desemprego e 5 persoas beneficiarias.

² http://eapn.es/noticias/384/Sistema_de_Rentas_Minimas_en_Espana_y_la_UE

¿POR QUÉ UNHA CONSULTA SOBRE A NOVA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA?

667.657 galegos e galegas, o 24,3% da poboación atópanse no 2013 en risco de pobreza o exclusión social³. Destas persoas 472.580 atópanse en risco de pobreza, un 17,2%. Mellor que no conxunto do estado (27,3% e 20,4% respectivamente) pero acompañando no crecemento brutal da pobreza á gran maioría dos países europeos .

A entrada en vigor da nova Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia supón un cambio profundo na tramitación e xestión da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA). Son moitas as dúbidas que este cambio supón en perceptores e profesionais das ONG e dos servizos sociais das diferentes administracións públicas implicadas. Máxime cando está en proceso de elaboración o **Regulamento** que deberá rexer a súa xestión e que según a Disposición derradeira primeira da propia lei, debería estar elaborado nun prazo non superior aos seis meses dende a súa publicación. E dicir 30 de xuño de 2014

Son moitas as queixas que se escoitan en ONG e servizos sociais comunitarios sobre os retrasos na súa tramitación e a escaseza orzamentaria que se adica a este fin e que pon en serio perigo a súa viabilidade como ferramenta eficaz contra a pobreza e a exclusión social. Unha escaseza orzamentaria en comparación con outras CCAA que ven de confirmar o citado Informe sobre Rentas Mínimas de EAPN España, en base á información oficial do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

O propio Parlamento de Galicia por unanimidade en xuño de 2014 instou ao Executivo e aos concellos galegos a "axilizar a tramitación da RISGA e das AES para adecuar o tempo aos prazos que marca a normativa vixente". Lembrando "que todas as persoas que teñan solicitada a RISGA e estean agardado pola resolución da mesma por riba do tempo legal vexan recoñecido o seu dereito por silencio administrativo". Ademais, "todas as solicitudes rexistradas antes do 31 de marzo de 2014 terán que ser resoltas nun prazo máximo de dous meses".

No mes de xullo de 2014 realizouse unha consulta sobre este tema (ver Anexo 3) a profesionais e perceptores da RISGA (e en menor medida coas Axudas de Inclusión Social, aínda que non sexan o obxecto principal desta consulta) coa pretensión de obter unha visión dos problemas e as dúbidas que prantexa, para seren compartidos entre os profesionais do Terceiro Sector e das administracións implicadas e para que poidan ser resoltas polos responsables políticos e técnicos da mesma. Cun enfoque construtivo, búscase facer visibles aqueles aspectos susceptibles de mellora e tratar de optimizar a protección e fomentar a autonomía das persoas beneficiarias da maneira máis eficaz posible.

³ Indicador de poboación AROPE (At Risk Of Poverty and/or Exclusion) da Unión Europea utiliza para medir a pobreza e exclusión. Fonte INE <http://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=6235&L=0>

O informe estruturarase en tres partes:

- Unha primeira parte na que se detallarán aqueles aspectos xenéricos da organización da RISGA que son susceptibles de mellora ou traballo sobre eles e para o cal é precisa unha interlocución política.
- A segunda parte centrarase naqueles aspectos técnicos máis concretos nos que pode ser máis doado traballar e cuxa implementación melloraría a calidade do proceso de percepción da RISGA.
- Unha derradeira parte na que se contemplarán todas aquelas dúbidas que reflectiron os participantes na consulta, así como aqueles aspectos que é preciso atender para proporcionar un servizo de RISGA nas mellores condicións posibles de igualdade, calidade e eficacia.

A modo de resume, son varios os aspectos sobre os que se demanda unha maior atención: a participación de todos os axentes implicados na xestión das axudas contempladas na normativa, así como unha clara delimitación das funcións e das relacións entre eles; a dotación dunha maior fluidez ó proceso de tramitación da RISGA, así como o alixeiramento da documentación a aportar polas persoas solicitantes; unha revisión da eficacia das medidas que se establecen na lei, de xeito que se adecúen á situación que estamos a vivir.

ORGANIZACIÓN XERAL

Tras a consulta realizada e analizando o funcionamento da RISGA desde una perspectiva integral, conclúese que son fundamentalmente cinco os factores que determinan a situación actual da prestación, factores que, á súa vez, se relacionan e inflúen entre si, sendo preciso una atención pormenorizada dos mesmos:

1. UNHA COMUNICACIÓN ENTRE ADMINISTRACIONES E DEPARTAMENTOS MELLORABLE

O primeiro que cabe mencionar é a **mediocre relación e ata desconfianza entre os distintos niveis da Administración** e cos demais organismos e entidades que participan na xestión da RISGA. Para que un sistema funcione, é necesario que todos os seus compoñentes, os engranaxes que os unen e as políticas que rexen as súas relacións tamén o fagan.

No caso que nos atinxe e case unánime a necesidade de que as relacións políticas e técnicas entre administracións públicas e entre departamentos (inclusión social e fomento e orientación para o emprego especialmente) deben necesariamente mellorarse. Cumprindo así o establecido no espírito da Lei 10/2013 e de artigos concretos como o 57,58 e 59 sobre a Rede de Equipos de inclusión sociolaboral ou especialmente o 61 sobre a Coordinación entre os sistemas de servizos sociais e de emprego.

Os traballadores sobre os que recae a maior parte do traballo coa RISGA, traballadores sociais de servizos sociais comunitarios e de ONG na súa maioría, fan fincapé en que non recibiron **ningún tipo de instrución nin formación** sobre os cambios que a nova Lei de Inclusión introduce, polo que son moitas as dúbidas e as incógnitas ás que se enfrontan no seu día a día, dúbidas das que deixaron constancia na presente consulta.

Amosan o seu **descontento en relación ó novo Informe Social de Inclusión**. Unha elevada porcentaxe dos profesionais consultados manifestan ou que non tiveron ocasión de opinar cando o Colexio de Traballo Social remitiu o borrador do mesmo, ou que as súas aportacións non foron tidas en conta para a súa elaboración. Unha gran parte deles son os que diariamente traballan con este documento, polo que é innegable o coñecemento que teñen sobre os aspectos que debería recoller e os que non.

Cualifican o novo informe de excesivo e moi pouco operativo, que carga ó proceso de unha lentitude extra. Cabe mencionar que está prevista a **implantación dunha aplicación informática** que pretende reducir a extensión deste informe e axilizar a xestión de todo o proceso.

Esta pouca fluidez nas relacións fan que niveis máis altos da Administración, desde una posición que, a priori, non permite un coñecemento tan detallado da situación da poboación, chegue a distorsionar e incluso negar a realidade preocupante na que vivimos. Unha maior comunicación entre os distintos elos da cadea permítelles a todos eles coñecer a situación sobre a que se traballa, unir esforzos nesta labor e alcanzar obxectivos.

Por ultimo, outra consecuencia deste feito evidénciase no dificultoso que pode chegar a ser o **traspaso entre entidades e administracións de documentación e información** sobre os solicitantes da RISGA, dando lugar a un proceso lento, complexo e moitas veces, de duplicidade na petición de documentación ós mesmos.

2. ENDURECEMENTO DRASTICO DE REQUISITOS DE ACCESO

O segundo problema que constatan os profesionais consultados é o **endurecemento dos requisitos** que deben de cumprir os solicitantes para poder ser beneficiarios da prestación. De feito, cando se lles pregunta se se outorga a RISGA a todos aqueles que o precisan, a resposta maioritaria é que non: un número elevado de solicitantes non poden acceder a eles por non cumprir os requisitos ou por dificultades orzamentarias, das que falaremos máis adiante.


Esta percepción coincide co que no ano 2013, segundo o Informe sobre a aplicación e a valoración da Lei Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social⁴, este **porcentaxe de persoas solicitantes as que lle foi denegada a RISGA foi dun 41.27%**, fronte a un 58.73% que si se aprobaron.

Causa impresión o feito de que, trala laboriosidade que caracteriza o proceso de solicitude desta prestación, poida chegar ós órganos de valoración unha porcentaxe tan alta de solicitudes que, aparentemente, non son aptas para a percepción da RISGA e que, polo tanto, a súa tramitación debería frearse nos primeiros elos da Administración. Non sorprende xaquelo que a percepción de elevada desconfianza entre departamentos.

¿As solicitudes cúbreanse mal dende os servizos sociais de base “por si colan” ou se denegan por razóns orzamentarias ou políticas? Sen pretender de ningún xeito afirmar que exista unha vinculación entre denegacións e falta de orzamento, é certo que está dúbida á que non podemos dar resposta está presente en moitas das opinións expresadas.

⁴ Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Subdirección Xeral de Inmigración Integración e Acción Social. *Informe sobre a aplicación e avaliación la Lei Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social*. Abril 2014. Recuperado el 27 de agosto de 2014 de http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Estudios_e_informes/INFORME_DE_XESTION_RISGA_2013.pdf


¿Outórgase a RISGA a todas as persoas que o precisan?



O endurecemento dos requisitos **deixan fora a novos perfís de solicitantes que derivan da actual crise económica**, como son os parados de longa duración ou os que sofren precariedade laboral que, non pertencendo a ningún dos colectivos considerados tradicionalmente como “de risco” si que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.

Así, tamén están aqueles que, aínda estando incluídos nos colectivos susceptibles de ser beneficiarios, non poden acceder á prestación por non cumprir todas aquelas condicións que a nova lei estipula.

¿Qué grupos teñen grandes dificultades ou non poden acceder á RISGA?



Os resultados amosan que as persoas que máis dificultades semellan ter para acceder á RISGA son os **migrantes en situación irregular, as persoas sen fogar, e aquelas residentes en vivendas ocupadas**, os que as subarrendan ou os que residen en vivendas alugadas ou temporais.

A principal dificultade destes colectivos é a súa situación irregular e a carencia dun domicilio que poidan acreditar ou dun empadramento, pois no caso dos migrantes en situación irregular, carecen de ambos requisitos, ó igual que unha boa parte das persoas sen fogar.

Cabe mencionar a **incongruencia que afecta aos migrantes europeos non españois**, ós que se lles esixe, en base ó requisito de residencia legal, a súa inscrición no rexistro de cidadáns da Unión Europea. Para iso, a persoa debe contar cun traballo por conta propia ou por conta allea ou, no caso de carecer del, ter os recursos económicos suficientes para non converterse nunca carga para a asistencia social española. Quedará acreditada a dispoñibilidade de recursos económicos aquela persoa que dispoña duns ingresos anuais superiores ó importe que se fixe la Lei de Presupostos Xerais do Estado para poder ser beneficiario dunha prestación contributiva, que son 5122.60 €/ano. Obviamente, se a persoa contase con esa cantidade de ingresos de forma regular, non solicitaría a RISGA.

Porén, a **problemática ca que se atopan os que subarrendan vivendas ou os que residen en vivendas temporais** son fundamentalmente de tipo económico: os que subarrendan a vivenda ven como os ingresos derivados do subarrendo son considerados como eso, ingresos, cando en realidade son un mero compartimento de gastos, moitas veces temporais e variables.


Pola súa conta, os **inquilinos que residen en habitacións alugadas**, a miúdo sen tramitar o empadramento no concello, vense sen un domicilio propio que acreditar, ó igual que os gastos dos subministros básicos.

Por último dentro deste colectivo, os que residen en **vivendas ou dispositivos temporais** vense cos problemas xa mencionados e, ademais, ca posibilidade de que se considere que teñen as súas necesidades cubertas, segundo o tipo de dispositivo no que residan, como por exemplo as persoas residentes nunha comunidade terapéutica, como refería algún participante.

Polo outra banda, e tal e como se mencionou, os participantes incluíron na categoría *Outros*, fundamentalmente, a **parados de longa duración e persoas en situación de precariedade laboral. Xustificar a vulnerabilidade** nestes casos resulta ás veces complexa, sobre todo cando o solicitante regresou á casa familiar como medida de aforro. A existencia doutras persoas domicilio, como os pais, con ingresos derivados de pensións fai que non se consideren persoas susceptibles de percibir a RISGA.

Esta situación de incerteza respecto das concesións e de desinformación dos profesionais trasládase á poboación, de forma que **beneficiarios potenciais da prestación non a chegan a solicitar por non saber que teñen dereito**, por non saber onde informarse nin qué facer, por


non comprender os mecanismos que rexen a tramitación ou por desistir na recolección dunha documentación que resulta excesiva e complexa, **desánimo que aumenta ó presupoñer que non lla van a conceder.**



3. ELEVADOS RETRASOS NA TRAMITACION DOS EXPEDIENTES

O terceiro dos problemas cos que nos atopamos ó falar da RISGA é o gran **atraso que caracteriza a tramitación dos expedientes** polas correspondentes administracións.

Así, no informe mencionado anteriormente, aléganse períodos medios de entre catro e case seis meses de tramitación dos expedientes no ano 2013. Períodos que se viron superados neste ano.




Nas administracións locais denúncianse un atraso medio de 2.7 meses, o cal se debe fundamentalmente á densidade do informe social e ó gran volume de documentación que é necesario aportar e que non sempre é doado de conseguir, como se dixo anteriormente.

A nova Lei de Inclusión establece no artigo 36.6 que no caso de que desde o concello non se remitan os informes reclamados no prazo estipulado dun mes por causas non imputables á persoa solicitante, esta poderá presentar unha reclamación no órgano de dirección da Xunta de Galicia competente en inspección de Servizos Sociais. Enténdese que para elo é fundamental poder certificar a data exacta de presentación da solicitude no rexistro do concello.

¿Entrégaselle á persoa unha copia da solicitude da RISGA presentada por esta selada ca data de entrada para poder exercer o seu dereito de reclamación se non se emiten os informes necesarios no prazo estipulado?

A maior parte dos participantes na consulta responderon que non (53%), un 25% contestaron afirmativamente, e un 22% manifestaron o seu descoñecemento sobre este aspecto.



O atraso máis preocupante está na administración autonómica, onde finalmente se resolve a concesión ou denegación da prestación. Como se amosa no gráfico, o 82% dos participantes na consulta refiren que tras vencer os dous meses que se ten de prazo legal para resolver, os atrasos son, como mínimo, de outros dous meses máis. Así pois, dentro dese colectivo que denuncia atrasos superiores a dous meses tras vencer o prazo estipulado, alégase unha atraso medio de 5.8 meses. De feito, son escasos ou inexistentes os casos de solicitudes presentadas no 2014 e resoltas.

Na mesma liña dos atrasos, preguntóuselle ós participantes na consulta pola valoración que lles merecía o funcionamento da súa Unidade Técnico Administrativa (UTA) de referencia. As puntuacións acadadas foron as seguintes:

UTA	VALORACIÓN MEDIA
A Coruña	4
Lugo	6.5
Ourense	4.7
Pontevedra	5.3
Valoración media xeral	4.8

A RISGA é unha renda de subsistencia. Son moitas as persoas que dependen dela para poder satisfacer as súas necesidades básicas. Non se pode entender que o proceso para acceder a unha prestación de este tipo sexa de seis ou incluso sete meses.

Para facer fronte a este problema, os solicitantes vense na necesidade de pedir axuda á súa familia extensa e/ou facer uso de outros recursos asistenciais. Así, aínda que non é tan frecuente debido ós atrasos que tamén caracterizan a tramitación destas axudas, algúns tratan de botar man da Axuda de Inclusión Social, antes Axuda de Emerxencia Social, para facer fronte ós gastos principais.

¿Percibe que os concellos, prevendo posibles retrasos, están a tramitar Axudas de Inclusión Social (AIS)- antigas axudas de emerxencia social- en lugar de RISGA?



Por outra parte, o que sí que é frecuente segundo refiren os participantes na consulta é os concellos traten de parchear os atrasos na tramitación da RISGA dedicando a esta causa partidas municipais que nun principio estaban destinados a outros fins.

¿Percibe que os concellos, ante retrasos nas concesións de RISGA ou Axudas de Inclusión Social (AIS) autonómicas, están a adicar partidas municipais para axudas de emerxencia?



Tendo isto presente, o Parlamento de Galicia aprobou en xuño unha proposta na que se insta ás administracións implicadas, sobre todo á Xunta de Galicia, a axilizar os proceso de tramitación da RISGA e a adecualo ós prazos establecidos na normativa. Do mesmo xeito, aposta por conceder a prestación por silencio administrativo naqueles casos nos que se excedese o prazo legal para resolver. Na mesma proposta, esíxese que no prazo de dous meses se concederan ou denegaran aquelas solicitudes presentadas con anterioridade ó 31 de marzo do presente ano.

4. CARENCIA ORZAMENTARIA

¿Qué ocorre cando, tras un largo proceso repleto de factores que xustificar, documentación que reunir, trabas burocráticas que solucionar, se resolve positivamente a solicitude e se concede a prestación? Que nos atopamos co cuarto problema: **a carencia orzamentaria**.

Recoñecendo e valorando positivamente o incremento do orzamento destinado para este tipo de axudas por parte da Xunta de Galicia, é innegable que unha das principais eivas no proceso de solicitude e tramitación da RISGA é a sustancial escaseza orzamentaria en comparación con outras comunidades autónomas, tal e como pon de manifesto o xa citado “Informe sobre los sistemas de rentas mínimas en España” realizado por EAPN España en base á información oficial facilitada polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.


Según esta información, ao longo do 2012 foron 8.571 persoas as que percibiron unha RISGA nalgún momento do ano, un 3,1 por 1000 do total da poboación. Lonxe do 4,6x1000 da media estatal e das cifras doutras Comunidades Autónomas. O incremento de perceptores entre 2008 e 2012 foi dun 48%, a metade da media estatal.

Compre salientar que según os datos do Informe RISGA no 2013 antes citado, ao longo desde ano 11.753 persoas foron beneficiarias desta renda, o que suporía no periodo 2008 a 2013 un aumento do 102% e unha taxa de cobertura do 4,25 x 1000 habitantes.

EVOLUCIÓN DE LAS RENTAS MÍNIMAS				Tasa 2012	% Riesgo	
CCAA	PERCEPTOR ES 2008	PERCEPTOR ES 2012	Var.08-12 REAL	(cada 1000 habs)	pobreza 2013	% AROPE 2013
Aragón	911	5504	504,2%	4,1%	16,1%	19,8%
La Rioja	368	2190	495,1%	6,8%	19,3%	22,2%
Murcia	369	1876	408,4%	1,3%	26,8%	34,1%
Cantabria	1130	4402	289,6%	7,5%	17,8%	25,3%
Castilla y León	2235	8430	277,2%	3,3%	17,5%	20,8%
Canarias	1840	5397	193,3%	2,5%	28,4%	35,5%
Castilla La Mancha	430	1097	155,1%	0,5%	31,3%	36,7%
Navarra	3144	7920	151,9%	12,3%	9,9%	14,5%
Ceuta y Melilla (*)	312	720	130,8%	4,3%	40,8%	47,0%
Madrid	10445	19909	90,6%	3,1%	13,4%	20,1%
TOTAL	114257	217358	90,2%	4,6%	20,4%	27,3%
Comunidad Valenciana	6609	12282	85,8%	2,4%	23,6%	31,7%
Baleares	1181	2182	84,8%	2,0%	19,8%	27,8%
Andalucía	18392	33068	79,8%	3,9%	29,1%	38,3%
País Vasco	39715	69976	76,2%	31,9%	10,5%	16,8%
Cataluña	13703	23123	68,7%	3,1%	13,9%	20,1%
Galicia	5793	8571	48,0%	3,1%	17,2%	24,3%
Asturias	6575	9393	42,9%	8,8%	14,1%	21,8%
Extremadura	1105	1318	19,3%	1,2%	30,9%	36,1%

Esta carencia orzamentaria supón que non se aboan os atrasos ós que se ten dereito, pois a Lei establece no artigo 35.7 que os efectos económicos xorden o día un do mes seguinte ó da recepción de toda a documentación. Lembremos que cos atrasos existentes na tramitación, a documentación pode ser recibida seis, sete, ou incluso oito meses antes da resolución.

Da lugar tamén a que a contía da prestación sexa escasa e insuficiente, pois a básica consiste no 75% do IPREM mensual, é dicir, 399€. No ano 2013, a contía media por beneficiario foi de 390.50€ mensuais, como así o recolle o Informe sobre a aplicación e avaliación da Lei Galega de Medidas Básicas de Inserción Social. Non resulta moi complicado chegar á conclusión de que non permite gozar dun nivel de vida digno, como así o referiron todos os profesionais consultados:



No momento que estamos a vivir, caracterizado polo aumento dos prezos dos produtos básicos e conseguinte perda de poder adquisitivo das familias, os beneficiarios da RISGA comprobaban como a cantidade que perciben non lles alcanza, tendo que recorrer en moitas ocasións a outro tipo de recursos que lles permitan ter garantida a satisfacción das necesidades básicas, como os bancos de alimentos ou os roupeiros municipais para así poder destinar a contía da RISGA a outros fins como o polémico pago do alugueiro.

Neste sentido, os profesionais reclaman que se aclare como se regulará o **complemento de alugueiro**, pois como se acaba de dicir, neste pago vaise unha porcentaxe demasiado elevada da mensualidade, sendo imprescindible a existencia dunha axuda que os ampare neste sentido ou dalgún programa que garanta o dereito á vivenda.

Outro obstáculo que se sinala é o **estigma que padece a persoa perceptora** da RISGA. Estigma que o condiciona á hora de levar a cabo o seu día a día, que diminúe a súa autoestima e repercute na túa integración. Non é allea esta estigmatización as mensaxes de **culpabilización dos perceptores** que se escoitan demasiadas veces en todo o estado, descoñecendo a súa realidade e o innegable beneficio económico e social para aquelas sociedades, como a vasca, nas que o sistema de rendas mínimas está moito máis desenvolvido.

O estigma tamén inflúe no **nivel de empregabilidade** que segue caracterizando a percepción da RISGA, sobre todo nun ambiente laboral tan convulso e complexo como o que estamos a vivir na actualidade. Ata agora, os beneficiarios dubidaban á hora de cesar na percepción da prestación para pasar a ocupar un posto de traballo que descoñecían se realmente o beneficiaría ou, pola contra, o obrigaría a volver a solicitar a RISGA nun futuro, polo seu carácter temporal ou por unha contía insuficiente. Coa actual lei, que permite o desempeño dunha ocupación a tempo parcial ó mesmo tempo que se percibe a RISGA, está por ver se se consegue algún avance neste ámbito, fundamental para o desenvolvemento da persoa no resto dos aspectos vitais.

A carencia orzamentaria da que estamos falando da lugar a que un gran peso da asistencia a estas persoas **recaia en entidades do terceiro sector**, ben como complemento, como xa foi comentado, ou ben como medida temporal mentres non se lle concede a prestación, como tamén foi dito. Tamén recae sobre este sector a articulación de medidas destinadas á inserción social e laboral dos perceptores.

Finalmente, como non podía ser de outra maneira, as dificultades económicas da Administración tradúcense tamén en recortes de persoal. Os recortes de persoal alimentan un círculo vicioso que, ó fin e ó cabo, é no que se traduce todo: menos persoal supón máis lentitude na tramitación e xestión dos expedientes, menor calidade no seguimento dos casos, a non consecución dos obxectivos, o mantemento da situación de exclusión, cronicidade da situación, aumento do estigma e, polo tanto, das dificultades de inserción social e laboral.

5. SOBRESFORZO PROFESIONAIS DE BASE

En último lugar e como consecuencia de todo o anterior, a consulta desvela a labor e o sobreesforzo e a frustración á que están sometidos tanto as profesionais dos servizos sociais básicos como as de moitas das ONG implicadas no apoio e o traballo coas persoas en situación de pobreza ou exclusión social. Todas elas adican unha porcentaxe moi elevada do seu tempo a tramitar e xestionar esta prestación económica ou a afrontar as consecuencias negativas de retrasos e denegacións.

E imperativo **reducir drasticamente o 41,27% das solicitudes denegadas**. Ademais dun factor que multiplica a desconfianza entre os departamentos e profesionais implicados, supón unha inxente carga de traballo administrativo inútil que conduce á frustración dos solicitantes e profesionais e que impide a estes últimos adicarse ao seguimento e a asegurar unha cohesión e inclusión social efectiva das persoas en situación ou risco de exclusión social, como dispón o artigo 1 da Lei de Inclusión.

ASPECTOS TÉCNICOS


Este segundo bloque, como xa foi mencionado, centrarase naqueles factores ou compoñentes da RISGA susceptibles de ser analizados e traballados co obxectivo de que dotar a prestación dunha maior calidade e efectividade.

Así pois, algúns dos temas tratados son a documentación que se lle require ás persoas á hora de solicitar a prestación, os tres tramos creados coa nova Lei de Inclusión, a posible pasividade na busca de emprego que pode caracterizar ós perceptores da prestación, as causas máis frecuentes de extinción e suspensión da mesma, e os mecanismos de control e seguimento da normativa.

DOCUMENTACIÓN

O primeiro paso para percibir a RISGA é a súa solicitude e a presentación da documentación que acredite que a persoa solicitante cumpre os requisitos esixidos así como a conveniencia de este recurso.

Tras a consulta realizada, a opinión xeral é que se esixe unha cantidade de documentación excesiva nun proceso de tramitación da mesma pouco fluído.



Alégase que moitos dos datos poden ser comprobados de oficio pola Administración por vía telemática, polo que a recolección dos mesmo por parte dos solicitantes é un esforzo innecesario. Nesta liña, e como xa se mencionou cando se trataron os aspectos políticos, súblíñase a importancia de fomentar a fluidez entre os organismos.

Afondando na documentación:

- A petición dos extractos bancarios da persoa dos últimos doce meses considérase desmesurada, de valoración incerta, pois non se garante que se estea empregando só unha conta bancaria, e incluso unha vulneración da intimidade persoa.
- Facerse con algún dos xustificantes sobre a titularidade de bens mobles e inmobles pode resultar complicado e, algunhas veces, innecesario, como se alega no caso da documentación que se esixe sobre os vehículos (certificado de titularidade municipal, dalo de baixa...).
- Nalgúns casos tamén resulta complexo conseguir a baixa consular e o documento que certifique a súa última veciñanza administrativa anterior á emigración nun concello galego.
- Non se teñen en conta os contratos verbais de alugueiro, só os escritos.
- Debería concederse máis importancia á documentación relativa ós fillos, como por exemplo informes do centro escolar que confirmen a asistencia á escola, o custo dos libros...

Ademais do exceso de documentación, un dos problemas fundamentais radica na excesiva extensión e pouca operatividade do Informe Social de Inclusión (ISI) e no Proxecto de Integración:

Insístese moito en que o ISI é desmesurado, tanto no tipo de datos que require, como no seu volume, trinta e cinco páxinas. Solicítase información repetida polo que, canto menos, debería ser autocopiable. Así, destaca por ser especialmente conflitiva aquela que se require sobre os familiares da persoa solicitante, información coa que moitas veces non se conta pola negativa a ser proporcionada. Por outra parte, algúns participantes refiren que se debería contemplar máis información sobre violencia de xénero, saúde e habilidades sociais.

A vista da información facilitada poucos profesionais coñecen o proxecto de informatizar o ISI e a propia xestión do proceso íntegro da RISGA, os que o coñecen valóranos positivamente aínda que con dúbidas sobre a súa eficacia e destacando a urxencia de que se poña en marcha.

En xeral apostase por unha maior complementariedade entre o informe social, máis adaptado á situación da persoa e non tan estandarizado, e a documentación solicitada que acredite a situación, de maneira que non se esixa a presentación de documentos que xa quedan reflectidos no informe social e viceversa. Isto supón tamén outorgar unha maior credibilidade ó informe social, credibilidade que semella estar posta en dúbida cando traballadores sociais de concellos tramitan solicitudes cuxos informes consideran que o recurso é idóneo para a situación da persoa e posteriormente son denegadas polo órgano encargado de resolver.

Pola súa parte, do proxecto de inserción denúnciase sobre todo que non se recolle nunha folla resume e asinada polo traballador social e o solicitante os obxectivos e as actuacións a levar a


cabo para que este último o teña a man, como se facía anteriormente, evitando tamén ter que entregárselle ó usuario a valoración profesional. Alégase tamén unha falta de espazo nalgúns apartados, como o dos obxectivos.

Finalmente, á hora de solicitar a RISGA recordan tamén ter en conta a opinión doutros profesionais non pertencentes ós Servizos Sociais Comunitarios pero con presenza tamén no acompañamento das persoas beneficiarias da prestación, como son os das ONGs, centros escolares.

PERCEPCIÓN DE DÚAS RISGA NO MESMO DOMICILIO

No artigo 10 da nova Lei Galega de Inclusión recóllese que, como regra xeral, concederáse unha soa renda por domicilio.

Entenderase como *domicilio* o marco físico no que reside a unidade de convivencia da que forma parte a persoa beneficiaria. E por *unidade de convivencia* o conxunto de persoas que conviven no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou relación análoga, por adopción ou acollemento, ou por parentesco por consanguinidade ata o cuarto grao, é dicir, ata os irmáns dos bisavós ou ata os fillos dos sobriños, ou por afinidade ata o segundo, o que inclúe os avós do cónxuxe, os netos e os cuñados da persoa solicitante, tal e como se amosa na seguinte imaxe:




Porén, no punto catro do mesmo artigo contemplase a posibilidade de que excepcionalmente se poidan conceder dúas rendas a persoas que residen no mesmo domicilio, cando se acredite que se trata dunha persoa con cargas familiares non compartidas que se ve na necesidade de acollerse noutro fogar independente.

Isto supuxo un cambio con respecto á normativa que regulaba a RISGA ata a actualidade. A pesar de coincidir en que por norma xeral só se concedería unha única renda por domicilio e tamén no que se entendería por *unidade de convivencia*, puntualizábase que no caso de que nunha unidade de convivencia existisen persoas con menores ó seu cargo, pasaba automaticamente a considerarse como unha unidade de convivencia independente, a pesar de residir no mesmo domicilio. Desta forma dase lugar ó dereito de percibir outra RISGA independente da que xa se percibía na unidade familiar.

Este cambio cobra especial relevancia na situación actual, na que é frecuente que matrimonios con fillos residentes ata o de agora en fogares independentes, teñan que retornar ós fogares paternos como consecuencia dunha situación económica que os empurra a facer axustes e eliminar gastos. Ca antiga normativa, ó retornar á casa familiar, manteríase a consideración de familia independente, pois existen menores a cargo; porén, co cambio legislativo, o retorno á casa familiar, supón a integración de todos os membros nunha soa unidade de convivencia, independentemente da existencia de menores. Deste xeito, só se tería dereito a unha RISGA na vivenda no mellor dos casos, posto que se computarían os ingresos de todos os membros, sendo así difícil non excederse do límite máximo de ingresos permitido.

Tendo presente este panorama, os datos amosan que non é frecuente a existencia de dúas rendas no mesmo domicilio. Como xa se comentou, a maior parte das RISGAS solicitadas este ano e, polo tanto, baixo a nova norma máis restritiva neste aspecto, aínda están sen resolver, polo que se coa anterior lei era pouco frecuente a existencia de dúas RISGAS no mesmo domicilio, non cabe esperar que a tendencia vaia mellorar coa actual lei.



FUNCIONAMENTO DOS TRAMOS DA RISGA

A principal novidade da nova Lei Galega de Inclusión é a introdución de tres niveis diferentes da prestación: o tramo persoal e familiar, que é o nivel básico, destinado a persoas en situación de risco ou exclusión social que cumpren os requisitos para acceder á renda; o tramo de inserción, dirixido a aqueles perceptores do tramo anterior que ademais se vinculen a un proxecto de inserción no mercado laboral de contido formativo e/ou laboral; e finalmente o tramo de transición ó emprego, consistente nun complemento que se aboará por un máximo de seis meses a aqueles perceptores que accedan a un emprego e que irá diminuindo de forma progresiva e gradual.

O deseño destes tres tramos da prestación elaborase tendo como base a idea de progresión, de xeito que a maior parte das persoas beneficiarias consigan percibir o tramo de transición ó emprego e, polo tanto, levar a cabo unha actividade laboral que lle permita desenvolverse de forma autónoma e mellorar a súa situación socio – económica.

Porén, tras preguntar ós profesionais consultados se realmente se conseguirá levar á practica esa progresión, amosaron a súa dificultade para contestar dado o pouco rodaxe da nova lei e a inexistencia de expedientes xestionados baixo ela. Porén, facendo unha estimación en base ós que si que se animaron a contestar, estímase que un 22.5% dos beneficiarios do tramo persoal e familiar pasarán ó tramo de inserción e un 18.5% dos beneficiarios deste o serán tamén do tramo de transición ó emprego. Como resultado, teríamos un 5% de beneficiarios que logran levar á practica a esperada progresión.

Deste xeito, preguntouse máis concretamente pola valoración que facían do tramo de inserción que, recordemos, é aquel que engade á contía básica do tramo persoal e familiar un complemento de inserción por estar vinculada a persoa a un itinerario de formación e/ou emprego.

Como sucedeu anteriormente, boa parte dos enquisados amosaron a súa imposibilidade para avaliar o funcionamento deste tramo por carecer de casos que se atopen nesta situación. De todas maneiras, os que si o fixeron mantivéronse polo xeral nunha posición pesimista:

Os que lle outorgan unha puntuación igual ou inferior a cinco alegan as seguintes razóns:

- Falta de recursos e mal deseñados para acadar os obxectivos do tramo.
- Non hai proxectos individualizados, senón estandarizados, non consensuados coas persoas beneficiarias, que moitas veces se reducen a unha mera información xeral sobre os recursos existentes.
- Considérase que o tramo só será un parche, debido a que non será habitual que os beneficiarios renuncien á prestación por traballos de menor remuneración e, en moitos casos, temporais, que fará que teñan que volver a solicitar a RISGA cando finalice a actividade laboral.

- Dará lugar a unha xestión máis complexa nun momento no que se conta con pouco persoal e pouco tempo.
- A situación laboral na actualidade é demasiado complexa como para facer viable este tramo.
- Producirá sobrecarga nos traballadores sociais, o que dificultará a súa implementación. Así, será necesaria unha coordinación sólida entre os distintos sectores dos servizos sociais.
- A pesar de que os itinerarios de inserción laboral poidan estar ben elaborados, neste momento o tramo é incompatible coa realidade laboral actual.
- Carécese de medidas de apoio para a incorporación laboral.

Finalmente, aínda que escaso, houbo un porcentaxe dos profesionais enquisados que avaliaron positivamente o desenvolvemento do tramo de inserción. Os motivos nos que se basearon para a súa cualificación foron:

- Será unha boa loita contra a pasividade.
- Permite unha maior adaptación ás distintas situacións dos beneficiarios.
- Supón un incremento dos ingresos de forma temporal, incremento que pode fomentar unha mellor busca de emprego, pois pode posibilitar, entre outras cousas, os desprazamentos.
- A incorporación do Servizo Público de Emprego no proceso de formación e busca de emprego contribúe a normalizar o acceso e uso ós servizos e recursos públicos.

Cabe volver a subliñar que, como xa foi dito, unha ampla porcentaxe referiu que aínda non procede avaliar o tramo de inserción.

¿INCITARÁ A NOVA RISGA A UNHA BÚSQUEDA MÁIS ACTIVA DE EMPREGO?



Non é un segredo que moitas persoas beneficiarias de RISGA pensábano máis dunha vez á hora de verse ante a decisión de renunciar á renda para pasar a ocupar un posto de traballo. En moitas ocasións optaban por seguir ca prestación, cando os beneficios que lles resultaban da actividade laboral non eran moi elevados ou cando se trataba de actividades de corta duración.


A nova lei establécense dous tramos que semellan achegar máis á persoa ó mercado laboral: O tramo de inserción suporía un complemento para aqueles que se suscriban o convenio de inclusión no mercado laboral de tipo formativo ou laboral. O obxectivo é que se consiga o avance ó seguinte tramo, o de transición ó emprego, que compatibilizaría o desempeño dunha actividade laboral que supoña uns ingresos inferiores á contía d RISGA que viña percibindo.

Ante a pregunta sobre si se considera que esta maior permisividade constituirá un incentivo para que as persoas beneficiarias busquen emprego dunha maneira máis activa, a resposta é que o farán en parte. Consideran que non será unha tendencia maioritaria, senón que seguirá habendo casos nos que a RISGA provoque pasividade na busca dun posto de traballo.

CAUSAS DE SUSPENSIÓN DA RISGA.

Ás causas polas que se pode efectuar a suspensión da RISGA engadiuse o acceso a unha actividade laboral, que suporía o pase do beneficiario ó tramo de transición ó emprego. Deste xeito, suspenderíase o pagamento das contías correspondentes ós tramos anteriores ata que se determine cal sería a nova contía a percibir.

Así, a dedución de que a persoa beneficiaria perdeu os requisitos esixidos para a concesión da prestación tamén se pasou a considerar unha causa de suspensión. Coa lei anterior, a RISGA podería ser suspendida cando se superaba o nivel de ingresos permitido por un tempo inferior a seis meses, mentres que a suspensión no caso de existir indicios de incumprimento dos demais requisitos podía adoptarse como medida cautelar mentres se levaba a cabo o proceso de revisión para decretar ou non a extinción da prestación, non de forma automática, como se establece na lei actual.




O 40% dos profesionais consultados considera que a causa máis común de suspensión da RISGA é a existencia de elementos de xuízo que permitan deducir que a persoa beneficiaria perdeu os requisitos que se esixen para a concesión da prestación, ó igual que no ano 2013, no cal a principal causa de suspensión foi, segundo o informe de avaliación, o non cumprimento dos requisitos de carácter económico.

A segunda causa de suspensión alegada é a imposibilidade para cumprir coas obrigas asumidas ou a existencia dunha declaración legal de incapacidade.

Por outra parte, algúns participantes alegaron outras causas de suspensión da prestación, como son os problemas burocráticos.

CAUSAS DE EXTINCIÓN DA RISGA.



As causas de extinción da RISGA permanecen invariables co cambio da lei.

Así, se a causa máis frecuente de suspensión era a posible perda dos requisitos que motivaron a súa concesión, o motivo máis habitual de extinción é a confirmación de que se deixaron de cumprir estas condicións que nun inicio lle deron dereito a percibir a RISGA.

A segunda causa por orden de frecuencia é o incumprimento das obrigas previstas na normativa, cando estas dean lugar á extinción total da prestación ou dalgún tramo.


Aínda así, a maior parte dos profesionais preguntados sobre a porcentaxe de extinción da RISGA debido ó incumprimento das obrigas por parte dos beneficiarios, sobre todo no referido ó cumprimento do proxecto de inserción, sinalan que se trata dunha cantidade reducida, menos do 30% dos casos, pois en xeral os beneficiarios esfórzanse por cumprilo . Refiren que os incumprimentos poden suceder por faltas tales como esquecementos no selado na tarxeta de demandante de emprego, na realización dalgún trámite administrativo, ou naqueles casos nos que o proxecto de inserción está vinculado coa rehabilitación dalgún tipo de adicción.

Pola contra, non se adoitan dar extincións por falecemento da persoa beneficiaria, polo traslado do seu lugar de residencia a outra Comunidade Autónoma ou por ocultamento ou falseamento dos datos.

Cabe destacar que algúns participantes engadiron como outros motivos a percepción doutra prestación, habitualmente a Renda Activa de Inserción (RAI), e o remate do tempo máximo que a persoa pode beneficiarse da RISGA, o cal era de catro anos.

MECANISMOS DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA NORMATIVA.

Un aspecto moi importante na prestación dun servizo ou dun recurso é o seguimento e control do mesmo. É necesario comprobar se a normativa é aplicable na realidade na que se pretende levar a cabo, así como se realmente se está aplicando, analizar os resultados que amosa a prestación do servizo, se verdadeiramente está funcionando do xeito que se esperaba e se é necesario facer correccións e ir introducindo aqueles cambios ou melloras que poidan contribuír a un funcionamento máis eficaz e eficiente.



Non hai unha opinión clara sobre se son suficientes os mecanismos de control e seguimento da normativa, pois as porcentaxes foron moi similares para ambas respostas. Porén, foron varios os puntos nos que é necesario traballar de cada a unha mellora neste aspecto:

É necesario máis persoal nos concellos e entidades asociadas para cumprir as ratios establecidas, así como poder levar a cabo un bo acompañamento da familia. Tamén se reclama máis técnicos e equipos específicos encargados dos itinerarios de inserción laboral do Plan de Inclusión.

Ó igual que ó falar da documentación para solicitar a RISGA se pedía unha maior fluidez entre administracións para poder consultar a información, fálase agora da necesidade dunha maior relación entre todos os profesionais que traballan cos beneficiarios, promovendo un maior cruce de información entre as Administracións e os recursos.

Outro elemento de mellora sería apostar por uns seguimentos dos casos máis personalizados, que midan obxectivos e metas reais alcanzables e tamén a actitude, na vez de controis tan estandarizados. Para que isto sexa factible é obvio que se precisa o que xa se comentou antes, máis persoal dispoñible.

Como se acaba de dicir, os obxectivos deben ser reais e alcanzables, consensuados entre distintos profesionais e co beneficiario, e, o que é máis importante se cabe, a avaliación do cumprimento dos mesmos debe responder a uns criterios tamén acordados.

Por último, fálase tamén dunha carencia de medios para desenvolver as accións dos proxectos de intervención, así como para o seu seguimento e medición de resultados e para motivar e dinamizar ós beneficiarios.

DUBIDAS EXTRAIDAS DA CONSULTA

As dúbidas expostas polos participantes na consulta tratáronse de poñer seguindo o orden da aparición na lei dos temas ós que fan referencia, así como sinalando os artigos concretos cando fose posible.

Título preliminar. Disposicións xerais.

Artigo 3.

- Qué ocorre con aquela poboación que, non pertencendo a ningún dos colectivos mencionados, se atopan en situación ou risco de exclusión?

- En qué casos as persoas que non cumpran as condicións de especial vulnerabilidade poderán ser perceptoras da RISGA?

- No punto 1.c establécese o ser vítima de violencia de xénero como factor de risco, o que fai á persoa susceptible de acceder á RISGA. Cabe especificar qué se entende por “vítima de violencia de xénero”, é dicir, se existe algún tipo de limitación temporal, como por exemplo que non transcorresen máis de dous anos desde a sentenza. Tamén cabe aclarar qué sucede con aqueles casos nos que se está percibindo outra prestación por esta circunstancia.

- Do mesmo xeito, no punto 1.g inclúese a procedencia de institucións de protección ou reeducación de menores como posible factor de exclusión. Polo tanto, é necesario definir o que se entenderá por “reeducación”, especificando así as modalidades que abranguería.

Así, no artigo 15 no que se fala do requisito da idade, establécense os supostos nos que unha persoa menor de 25 anos pode acceder á prestación. Entre eles non se inclúe o caso destas persoas maiores de 18 e menores de 25 que proceden do ámbito da reeducación, senón só os tutelados pola Xunta ou os procedentes dun acollemento familiar.

- No punto 3 mantense que *“poderanse valorar como persoas en situación de risco (...) aquelas persoas en que concorran factores de exclusión sinalados no punto primeiro deste artigo aínda que realicen actividades laborais de baixa remuneración, que pola súa natureza descontínua ou parcial non garantan unha inserción social e laboral”*. Quén e onde se establece o límite máximo desta remuneración? Non se pode aplicar ós que non pertencen ós colectivos sinalados?

Título I: A renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

Capítulo I: Disposicións xerais.

Artigo 6.

- No punto 3 establécese que a RISGA *ten carácter alimenticio, persoal e non transferible, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de obrigas*. Como pensión alimentaria, non se deberían cobrar comisións bancarias ós seus perceptores.

- Tras o disposto no punto 4 deste artigo, nos casos de persoas maiores de 65 anos que non reúnen os requisitos para percibir unha pensión non contributiva de xubilación, só poderán acceder puntualmente a unha Axuda de Inclusión Social (AIS), dado que non poden facelo a unha RISGA?

Capítulo II: Requisitos xerais de acceso.

- Contemplan e regular a opción de persoas residentes en habitacións realugadas e que poden ser beneficiarias potenciais.

Artigo 11.

- Qué se entende especificamente por “cargas familiares compartidas”?

- Regulamento da posibilidade de existir dúas RISGA no mesmo domicilio.

Artigo 16.

- Regular as obrigas económicas dos familiares e as fórmulas de cotexo.

- Cómo se declara a obriga de prestar alimentos?

- No punto un establécese que se poderán eximir do requisito da non existencia de persoas obrigadas a prestar alimentos cando se prevexa que esta non se pode facer efectiva por malos tratos ou relacións inexistentes. O feito de non convivir no mesmo domicilio non exime ós familiares da obriga de prestar alimentos? É necesario determinar que a relación é nula?

- No punto dous mantense que os familiares quedarán eximidos da obriga de prestar alimentos cando a súa situación socioeconómica non o fixera posible, o que deberá recollerse no informe social. É determinante este aspecto no informe social?

Capítulo III, IV e V: Tramos.

- Descrición detallada do proceso dos tramos.

- Definir e delimitar as funcións dos profesionais que interveñen nos diferentes tramos.

- É realmente compatible a RISGA con un contrato de traballo? No caso de percibir unha RISGA e empezar a traballar, qué sucedería?

- En qué consiste o tramo persoal e familiar e cómo afectará ás familias dos programas de preservación e reunificación familiar?
- Qué tipo de actividades serían as máis idóneas do tramo familiar e no de inserción?
- A valoración da persoa como non susceptible da percepción do tramo de inserción por parte do traballador social implica que xa non poderá optar á súa percepción nun futuro?
- Aclaración do tramo de transición ó emprego e da súa aplicación.

Capítulo VI: Tramitación.

- É necesario poñer en orden as fases do procedemento administrativo como garantía xurídica dos usuarios e dos profesionais implicados. Ditos profesionais deben ter coñecemento do circuíto para poder informar.

Artigo 33.

- No punto 5 establécese que, pola tramitación ordinaria, os efectos económicos xurdirán o día un do mes seguinte ó da recepción de toda a documentación necesaria para a valoración. Non se contempla a posibilidade de que algunha solicitude tramitada por este procedemento poida requirir unha tramitación e uns efectos económicos con maior rapidez? Non é necesario deseñar un procedemento de urxencia para máis casos que os de violencia de xénero?

Artigo 36.

- O informe social que se manexa, o ISI, non está adaptado moitas veces á casuística habitual. É necesario que se simplifique a documentación con comprobacións de oficio en ficheiros informáticos.
- A valoración positiva do traballador social, despois de cubrir un informe desmesurado tendo como base un maior coñecemento da situación do solicitante, en qué grao é tida en conta?

Título III: Recursos e medidas vinculados á RISGA.

- Necesidade urxente de que se regulen as axudas para o aluguer.

Artigo 54. Proxecto de integración social.

- Por qué non se inclúe o programa de educación familiar nas opcións das persianas de actuación?
- Valorar a inclusión no proxecto de inserción de traballos en beneficio da comunidade.
- Informe de integración social para estranxeiros.

Artigo 56. Convenio de inclusión sociolaboral.

- Producirá beneficios reais? Cómo se vai facer? Non é pouco viable pola carencia de recursos económicos?

Artigo 55. Acordo para a integración socioeducativa das persoas menores.

- Poñer en práctica esta medida cando xa existe expediente no Equipo Técnico do Menor non sería concorrer en duplicidades?

Artigos 57,58 e 59. Plan de Inclusión Social e Equipos de Inclusión Sociolaboral.

- Cando veremos o Plan?

- Cando se regulan os Equipos?

Título IV: Medidas para a incorporación laboral das persoas beneficiarias.

- Cómo vai ser a coordinación entre os Servizos Sociais e o Servizo Público de Emprego?

- Deseño do protocolo para a derivación e elaboración do informe de empregabilidade.

- O Servizo Público de Emprego colaborará activamente cos servizos sociais e asumirá parte da orientación laboral ou soamente informará dos recursos xerais sen ter en conta as características que poden ser os perceptores da RISGA (baixo nivel cultural, descoñecemento do idioma, falta de hábitos e habilidades...)?

- Necesítase definir e delimitar a coordinación entre os diferentes estamentos da Administración: oficinas de emprego, empresas de inserción, concellos, Xunta de Galicia...

- Existirá persoa de apoio en municipios de menos de 20.000 habitantes?

- Quen se encargará do seguimento?

- Quen asumirá a educación na falta de hábitos e habilidades?

- Cómo se vai xestionar a contratación temporal dos beneficiarios de RISGA?

- Terán carácter preferente no acceso ós empregos protexidos?

- Cómo se vai levar a cabo o desenvolvemento das medidas de apoio no acceso ó emprego establecidas desde o artigo 68 ata o 72?

Outras dúbidas e consideracións.

- Pode ser titular da prestación unha menor non emancipada, en situación de desamparo e sen medidas de tutela por parte do departamento de menores da Xunta?

- Aclaración do procedemento administrativo.

- Funcionamento para as revisións das prestacións transcorrido o ano de percepción.
- Aplicación real do proxecto de inserción vinculado ás AIS?
- Campañas divulgativas.
- Precísase un criterio obxectivo de límite de recursos económicos.
- Os mecanismos da lei incentivarán a busca activa de emprego ou, pola contra, prexudicarán a aqueles que si que o buscan pero por motivos de descoñecemento socio – cultural e falla de habilidades sociais non poden manterse no mercado laboral equiparándose a aquelas que fan unha busca inactiva?
- Informe de integración social para estranxeiros.
- Convenios para as AIS.
- Dotaranse de máis persoal ós centros de proximidade?
- Existe desigualdade entre os concellos á hora de cubrir necesidades con axudas de emerxencia municipal.
- As fórmulas máis eficientes para axudar ós beneficiarios sería movelos, que a sociedade vexa o que están dispostos a realizar. Por exemplo, que axuden no banco de alimentos como proxecto de RISGA, que poidan axudar ós concellos na limpeza de parques, calles e xardíns.
- A aplicación da nova lei semella que vai a ser moi restritiva, obedecendo a unha ideoloxía moi concreta pola cal os usuarios da RISGA están así porque queren e porque son uns vagos.
- Os exames de competencias claves deben ser accesibles para todos, así como as clases de preparación. Hai xente que ten dificultades para acceder a elas ou para desprazarse ós exames.

ANEXO 1. Proceso de tramitación da RISGA

Segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, o procedemento ordinario de solicitude da RISGA é o seguinte:

1. O interesado entregará solicitude e a documentación necesaria no rexistro do seu concello de residencia dirixida á Xefatura Territorial da provincia correspondente. Desde o concello informarase ós servizos sociais comunitarios da existencia desta solicitude para que informen e orienten á persoa.
2. Cando o órgano competente para resolver recibe a solicitude, valorarase se a documentación está completa e correcta, dando dez días para emendala en caso de non ser así.
3. Desde a mesma xefatura solicitaráselle ós servizos sociais comunitarios a emisión, no prazo dun mes, dos informes perceptivos e determinantes, que, como mínimo, serán: un informe social, unha proposta de proxecto de integración social e un acordo anexo para a integración socioeducativa dos menores, cando proceda pola existencia de menores e dunha situación de risco ou vulnerabilidade.
4. Cando finalice a instrución do expediente, a Xefatura Territorial elaborará a propsta de resolución e ditará resolución nun prazo máximo de dous meses desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano resolutivo.
5. Os efectos económicos da prestación xorden o día un do mes seguinte ó da recepción da documentación necesaria para valorar a solicitude (solicitude, documentación e informes). Se esta foi entregada en meses diferentes, será efectiva a partir do día un do mes seguinte á data de recepción do último documento.
6. A resolución pronunciarase en principio sobre a procedencia do pagamento do tramo persoal e familiar. Cando os servizos sociais valoren positivamente a procedencia do tramo de inserción e da elaboración dun convenio de inclusión sociolaboral, en un mes o órgano de resolución facilitaralle ó Servizo Público de Emprego o acceso á información necesaria para elaborar o diagnóstico de empregabilidade e preparar así o convenio.

ANEXO 2. Glosario de Prestacións

RISGA (Renda de Inserción Social de Galicia):

Prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. Así, mediante un proxecto personalizado de inserción que teña como base as necesidades e características de cada persoa beneficiaria, procurárase a súa autonomía persoal, familiar e económica e a súa integración social e laboral.

Para acceder a ela, deberánse cumprir a nivel xeral os seguintes requisitos:

- Residencia legal, empadramento e residencia nun concello galego polo menos durante o ano anterior á data de prestación da solicitude. Existen tres excepcións a este requisito: persoas procedentes de outra comunidade autónoma na que xa fosen beneficiarios do salario social correspondente e exista convenio de reciprocidade; vítimas de violencia de xénero que cambien de domicilio por motivos de seguridade; e emigrantes galegos retornados.
- Ter entre 25 e 65 anos, incluíndo algúns supostos de menores de 25 anos.
- Carecer de recursos económicos superiores á contía da RISGA que lle correspondería.
- Ter constituída unha única unidade de convivencia independente, vinculada economicamente ó solicitante.
- Que non existan persoas obrigadas e con posibilidade real de prestarlle alimentos.

A contía básica é o 75% do IPREM, cun incremento do 12% polo primeiro convivente adicional, do 10% polo segundo e do 8% por cada unha das persoas restantes. Percibirase como máximo o 125% do IPREM.

Para a tramitación da RISGA deberánse dirixir ós Servizos Sociais Comunitarios do concello onde resida a persoa.

RAI (Renda Activa de Inserción):

Axuda extraordinaria para persoas con dificultades para atopar un emprego e con carencias económicas. Esta debe atoparse nalgunha das seguintes situacións:

- Ser parado de longa duración maior de 45 anos.
- Ser emigrante retornado maior de 45 anos.
- Ser vítima de violencia de xénero ou doméstica.

- Ter unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Ademais, en calquera dos casos debe cumprir os seguintes requisitos:

- Estar desempleado e inscrito como demandante de emprego e suscrito a un compromiso de actividade.
- Ter ingresos propios ou unha renda per capita da unidade familiar inferior a 483.98€ mensuais.
- Ser menor de 65 anos.
- Non ter sido beneficiario de RAI no ano anterior, salvo vítimas de violencia de xénero ou persoas afectadas por unha discapacidade, que poderán percibir durante tres anos consecutivos.

A contía é o 80% do IPREM e terá unha duración máxima de once meses, podéndose percibir tres veces cun ano sen cobrar entre elas. Solicítase no Servizo Público de Emprego.

SUBSIDIO POR DESEMPREGO.

Prestación económica para persoas desempregadas que teñan esgotada a prestación contributiva por desemprego ou non cumpran todas as condicións para poder percibirla.

Trátase dun subsidio de carácter asistencial, é dicir, non poderán acceder a el aquelas persoas que teñan suficientes recursos. Deste xeito, os requisitos xerais que deberán cumprir as persoas que o soliciten son:

- Non ter dereito á prestación contributiva por desemprego.
- Estar inscrito como demandante de emprego, continuar estándoo durante toda a percepción e suscribir o compromiso de actividade.
- Carecer de ingresos propios superiores a 493.98€ mensuais.

A contía é de 426€ mensuais e a súa duración dependerá do tipo de subsidio, do tempo de cotización e das cargas familiares da persoa solicitante.

Así, os diferentes tipos de subsidio son:

- Subsidio por insuficiencia de cotización: está dirixido a aqueles traballadores que perderon o emprego sen alcanzar o tempo mínimo de cotización para acceder á prestación contributiva por desemprego (360 días nos últimos seis anos).

As cotizacións que a persoa ten acumuladas ata o momento serán empregadas para percibir o subsidio, de xeito que o contador destas cotizacións quedará a cero.

- Axuda familiar para desempregados: destinada a persoas paradas que carecen de rendas, teñen responsabilidades familiares e esgotaron a prestación contributiva por desemprego ou non teñen dereito a ela por non ter período de cotización necesario.

- Subsidio para maiores de 45 anos: dirixido a maiores de 45 anos que esgotaron a prestación contributiva por desemprego, carecen de rendas e non teñen cargas familiares.

- Subsidio para maiores de 55 anos: antes abranguía a aquelas persoas de ata 52 anos. Trátase dunha axuda mensual que a persoa parada cobra ata alcanzar a idade de xubilación, tempo durante o cal se segue cotizando por este concepto.

A persoa solicitante terá que ter cotizados por desemprego polo menos seis anos ó longo da súa vida laboral e cumprir todos os requisitos menos a idade para acceder a calquera tipo de pensión de xubilación do Sistema da Seguridade Social.

- Axuda a emigrantes retornados: ademais da RAI, existe este subsidio para traballadores españois que, tras a última saída de España tiveran traballado un mínimo de doce meses nos últimos seis en países non pertencentes ó Espazo Económico Europeo ou cos que non exista un convenio sobre protección por desemprego.

- Subsidio para liberados de prisión: poden acceder a el persoas que abandonan o cárcere tras unha privación de liberdade superior a seis meses, así como tamén menores de 18 e maiores de 16 procedentes dun centro de internamento ou as persoas que conclúsen un tratamento de rehabilitación tras unha privación de liberdade en ambos casos de seis meses.

Tras saír en liberdade, dispónse de un mes para a inscrición como demandante de emprego, e será cando transcorra un mes desde esa inscrición cando se poderá solicitar o subsidio.

- Subsidio por revisión dunha incapacidade: está dirixido a aquelas persoas ás que por melloría se lles retira unha pensión de invalidez absoluta e carecen de rendas.

PLAN PREPARA.

O Plan Prepara consiste nunha axuda extraordinaria concedida a parados de longa duración tras ter esgotadas todas as prestacións contributivas e subsidios ós que tería dereito.

Trátase dunha subvención de entre 2 400 e 2 700 euros por traballador, cobrado en seis pagas de entre 400 e 500 euros mensuais durante seis meses improrrogables e cambio do compromiso do traballador de recibir formación.

Os requisitos que deberán cumprir os solicitantes son:

- Ser parado de longa duración e estar inscrito como demandante de emprego doce dos últimos dezoito meses, ou ter cargas familiares.

- Ter esgotada a prestación e/ou subsidio por desemprego e non ter dereito a prórroga nin a outra prestación da mesma natureza.
- Non ter cobrado PRODI, Renda Agraria, RAI...
- Carecer de rendas superiores ó 75% do salario mínimo interprofesional.
- Ter buscado emprego activamente durante o mes anterior á solicitude.
- Asinar un acordo co orientador do Servizo Público de Emprego comprometéndose a participar nun itinerario personalizado de inserción.

Solicitarase no Servizo Público de Emprego ata dous meses despois de acabar a prestación.

PENSIÓNS NON CONTRIBUTIVAS (PNC)

As pensións non contributivas aseguran a todo cidadán en situación de xubilación ou invalidez que non cotizasen ou non o fixeran o suficiente e que se encontran en situación de necesidade, unha prestación económica, asistencia médico – farmacéutica e servizos sociais complementarios.

Os requisitos son, para cada caso:

❖ Invalidez:

- Ser maior de 18 anos e menor de 65 no momento da solicitude.
- Residir legalmente en territorio español e telo feito durante cinco anos, dos cales dous serán consecutivos e inmediatamente anteriores ó momento da solicitude.
- Estar afectado por unha discapacidade ou enfermidade crónica de mínimo un 65%.
- Carecer de rendas ou ingresos.

❖ Xubilación:

- Ser maior de 65 anos na data da solicitude.
- Residir legalmente en territorio español como mínimo durante dez anos entre os 16 anos da persoa e a data de devengo da pensión e dos cales dous serán consecutivos e inmediatamente anteriores ó momento da solicitude.
- Carecer de rendas ou ingresos.

A contía íntegra a percibir no caso das dúas pensións é de 5.122,60€ anuais, 365,90€ mensuais, podendo incrementarse no caso da pensión de invalidez cando a persoa sexa beneficiaria do complemento por necesidade de axuda de terceira persoa.

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL (AES)



As axudas de emerxencia social son axudas de carácter extraordinario e de pagamento único, destinadas a afrontar situacións de emerxencia que dean lugar a gastos extraordinarios, sempre que sexan empregadas para cubrir necesidades específicas de carácter básico.

Solicitaranse durante todo o ano nos Servizos Sociais Comunitarios e, para acceder a elas, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade.
- Estar empadroado e ter residencia efectiva nalgún concello de Galicia.
- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia.

ANEXO 3. Formulario consulta RISGA 2014

1. ¿Considera que o volume de documentación que se require para a solicitude da RISGA é suficiente, insuficiente ou excesivo? *

O número de documentos a aportar coa solicitude é suficiente e razoable.

A documentación que se demanda é insuficiente.

Esíxese unha cantidade excesiva de documentación.

2. Por favor, valore do 1 ó 10 o proceso de tramitación da documentación da RISGA. *

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Moi denso e complicado.

Moi áxil e sinxelo.

3. ¿Cre que algunha documentación requirida ou partes do proceso de tramitación a poderían eliminarse ou, pola contra, considera que debería requirirse documentación adicional? Por favor indique, de ser o caso, qué documentación eliminaría ou engadiría.

4. ¿Tramita a administración municipal os expedientes da modalidade ordinaria dentro do prazo dun mes estipulado na lei? *

Si. Nunca excede do mes que indica a lexislación vixente.

Non. En ocasións retrásase entre 1 e 2 meses tras vencer o prazo legal dun mes.

Non. En ocasións retrásase máis de 2 meses tras vencer o prazo inicial tamén dun mes.

5. Se na pregunta anterior respostou a terceira opción, indique o número de meses transcorridos dende que ten algún expediente sen resolver:

6. ¿Fáiselle entrega ós solicitantes por parte da administración municipal dunha copia da solicitude selada de cara a posibles reclamacións por exceso de tempo na tramitación? *

Si. / Non. / Non sei

7. ¿Percibe que os concellos, prevendo posibles retrasos, están a tramitar Axudas de Inclusión Social (AIS)- antigas axudas de emerxencia social- en lugar de RISGA? *

Si. / Non. / Non sei

8. ¿Percibe que os concellos, ante retrasos nas concesións de RISGA ou Axudas de Inclusión Social (AIS) autonómicas, están a adicar partidas municipais para axudas de emerxencia? *

Si. / Non. / Non sei

9. ¿Tramita a administración autonómica os expedientes da modalidade ordinaria dentro do prazo de dous meses estipulado na lei? *

Si. Nunca excede do prazo de dous meses que indica a lexislación vixente.

Non. En ocasións retrásase entre 1 e 2 meses tras vencer o prazo legal de dous meses.

Non. En ocasións retrásase máis de 2 meses tras vencer o prazo inicial de dous meses.

10. Se na pregunta anterior respondeu a terceira opción, indique o número de meses transcorridos dende que ten algún expediente sen resolver:

11. ¿Con qué Unidade Técnico Administrativa (UTA) adoita traballar?

A Coruña. / Lugo. / Ourense. / Pontevedra.

12. ¿Cómo valora o funcionamento da Unidade Técnico Administrativa (UTA) coa que adoita traballar?

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Moi negativamente.

Moi positivamente.

13. ¿Cómo valora o funcionamento da tramitación abreviada por razón de violencia de xénero? *

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Moi negativamente.

Moi positivamente.

14. Seguindo coa tramitación abreviada por razón de violencia de xénero, ¿cúmrese o prazo establecido dun mes para a tramitación das solicitudes presentadas baixo este suposto? *

Si, sempre.

Si, salvo casos moi puntuais e escasos.

Non, en máis da metade dos casos o proceso de tramitación excede o prazo máximo establecido na normativa.

Non sei

15. ¿Outórgase a RISGA a todas as persoas que a precisan? *

Non. En ocasións, debido a motivos como a falta de orzamento ou o incumprimento de determinados requisitos, moitas persoas que precisan a RISGA finalmente non a perciben.

Non, pero o número de persoas que precisan a RISGA e finalmente non a perciben é moi reducido.

Si.

16. ¿Cal cre que é a principal razón da denegación?

17. ¿Cre que a RISGA permite un nivel de vida digno aos seus beneficiarios? *

Non, está lonxe de permitir un nivel de vida digno. É moi mellorable.

Só en parte. En ocasións é insuficiente para cubrir as necesidades básicas da persoa beneficiaria.

Sí, garante un nivel de vida mínimo aceptable.

18. ¿Cáles cre que son os obstáculos existentes que impiden que a RISGA teña o nivel de protección axeitado para facilitar un nivel de vida digno?

19. ¿Qué grupos teñen grandes dificultades ou non poden acceder á RISGA? Por favor, marque tantas opcións como considere necesario.

Poboación xitana.

Persoas migrantes en situación irregular.

Persoas sen fogar.

Persoas con problemas de saúde mental.

Persoas con diversidade funcional.

Persoas con enfermidades raras.

Persoas con enfermidades crónicas.

Persoas sen estudos ou analfabetas.

Mulleres vítimas de violencia de xénero.

Persoas ex reclusas.

Persoas que viven en vivendas ocupadas, que subarrendan vivendas ou que residen en vivendas temporais en xeral.

Otro:

20. ¿Qué factores cre que inciden nas dificultades de acceso de determinados colectivos á prestación?

21. Sinale as razóns polas que as persoas que, tendo previsiblemente dereito á RISGA, non a solicitan * Marque tantas opcións como considere necesario

Por medo ó estigma social.

Porque descoñecen os mecanismos para a prestación.

Porque non comprenden os mecanismos para a prestación

Porque presupoñen que non lla van a conceder.

Porque descoñecen que teñen dereito.

Porque a documentación resulta moi complexa e renuncian a presentala.

Porque teñen dificultades físicas ou mentais como resultado dunha discapacidade, que lle impiden levar a cabo os trámites.

Porque viven lonxe do lugar de tramitación e non poden facer fronte ó desprazamento para realizar os trámites.

Por dificultades para atopar asesoramento.

Porque continúan na busca dun emprego antes de optar pola RISGA, elixindo desta forma outras alternativas como sería o regreso á casa paterna, a reagrupación nunha soa vivenda...)

Porque teñen un baixo ou nulo nivel de estudos.

Porque non comprende o idioma o suficiente.

Otro:

22. A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia prevé a excepción pola cal unha persoa con cargas familiares non compartidas se acolla noutro fogar independente, podendo ocorrer que no mesmo domicilio convivan dúas persoas beneficiarias de RISGA. ¿É frecuente este caso? *

Si. / Non. / Non sei

23. ¿Qué porcentaxe aproximada de persoas beneficiarias do tramo persoal e familiar se benefician do tramo de inserción? Por favor, escriba a resposta que considere oportuna:

24. ¿Qué porcentaxe aproximada de persoas beneficiarias do tramo de inserción pasan ó tramo de transición ó emprego? Por favor, escriba a resposta que considere oportuna:

25. ¿Considera que a RISGA convidará á persoa beneficiaria a unha posición pasiva na procura de emprego ou, pola contra, incentivará unha búsqueda activa? *

A nova lei é un grande avance nesta cuestión, agora incentivarase unha búsqueda de emprego activa.

Só en parte. Seguirán existindo casos nos que a RISGA provoque pasividade na búsqueda de emprego.

A situación seguirá sendo moi similar á da anterior lei: haberá moitos casos nos que a RISGA desincentivará a búsqueda de emprego.

Otro:

26. Por favor, valore do 1 ó 10 o grado de éxito do tramo de inserción. *

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Moi negativamente.

Moi positivamente.

27. ¿A qué factores atribúe a puntuación na resposta á pregunta anterior? Por favor, escriba o que considere oportuno:

28. ¿Cal é a causa máis común de suspensión da RISGA? *

A imposibilidade sobrevida, por parte da persoa beneficiaria, para cumprir coas obrigas asumidas, así como a existencia dunha declaración legal de incapacidade.

O paso ó tramo de transición ó emprego como consecuencia do inicio dunha actividade laboral.

A existencia de elementos de xuízo suficientes que permitan deducir que a persoa beneficiaria perdeu os requisitos esixidos para a concesión da prestación.

Otro:

29. ¿Cal é a causa máis común de extinción da RISGA? *

O falecemento da persoa beneficiaria.

A perda dalgún dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento.

O incumprimento das obrigas previstas na lei cando, de acordo co artigo 42, de lugar á extinción total da prestación ou dalgún dos seus tramos.

O mantemento, por un período superior a 6 meses, das causas que deron lugar á suspensión prevista no artigo 45.

A ocultación ou falseamento dos datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica.

O traslado da súa residencia efectiva a un concello que non se atope dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Otro:

30. Do total de extincións de RISGA, ¿Cal estima que é a porcentaxe aproximada que son debidas ao incumprimento das obrigacións por parte do beneficiario? Por favor, escriba a resposta que considere oportuna:

31. ¿Considera suficientes os sistemas de control e seguimento da normativa polas administracións públicas e as profesionais implicadas? *

Si. / Non.

32. Se respostou "non" na pregunta anterior, por favor indique qué cambiaría, engadiría ou suprimiría nos sistemas de control e seguimento da normativa polas administracións públicas e as profesionais implicadas.

33. A Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, establece (Disp.Adic.1ª) que antes do 29 de xullo de 2014, a Xunta de Galicia, “elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación”. Detalle por favor, aquelas dúbidas ou cuestións (xenéricas ou concretas) que teña neste eido e que deberían ser resoltas dende a administración galega *

De ser o caso, prégase que se indique o artigo correspondente da lei 10/2013

34. ¿Quere engadir algunha consideración ou proposta máis? Por favor, escriba o que considere oportuno